

LITERATURA TEMA 7: A NOVA NARRATIVA GALEGA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.

Coas novelas e narracións de Cunqueiro ou Blanco Amor, coinciden outras obras de autores máis novos ca eles e cunha concepción distinta sobre a narrativa. Son aqueles libros que a crítica deu en agrupar baixo o nome de “Nova narrativa galega”, e que mostran influxos das innovacións introducidas na novela por autores estranxeiros, como Joyce, Faulkner (o monólogo interior, a ruptura da orde cronolóxica lineal do relato), Proust (a descrición máis que do personaxe, do seu estado de ánimo), Kafka (a confusión entre soño e realidade), Margarita Duras (a descrición pormenorizada dos obxectos en detrimento da acción). Así pois, os autores da “Nova narrativa galega” (NNG) constitúen un movemento de renovación formal e temática que introduciu xeitos de narrar modernos inspirados nos autores máis innovadores do século XX.

A NNG ten o seu momento inaugural en 1954 coa novela *Nasce un arbre*, de Gonzalo R. Mourullo, e remata en 1980 con *Cara a Times Square*, de Camilo Gonsar, aínda que xa desde finais da década dos anos 60 se abren novas temáticas que algúns críticos consideran fóra da NNG.

Poderíamos sinalar como características desta nova narrativa:

1. Fuxida do realismo costumista e rural da literatura precedente: os espazos e escenarios serán indeterminados; predominan os ambientes urbanos; os espazos son pechados e abafantes, con tendencia ao feísmo.
2. Os obxectos adquiren gran importancia e son descritos minuciosamente, como se faría cunha cámara cinematográfica, algo que se coñece como “obxectalismo”.
3. Os personaxes serán tamén estraños, en ocasións con tendencias psicóticas, mergullados en situacións absurdas ou violentas, inadaptados. Con eles preténdese expresar o absurdo da existencia humana nun mundo sen sentido.
4. Hai unha constante experimentación técnica: úsase o monólogo interior libre, a multiplicidade de narradores, os desfases espaciais e temporais (saltos no tempo cara a diante e cara a atrás), os argumentos abertos, unha técnica epistolar, etc. Trócase o narrador onisciente da novela tradicional en beneficio dun narrador en 1ª persoa.
5. Moitas veces está presente un ambiente onírico no que se mestura a realidade e a fantasía e no que os personaxes son movidos por instintos primarios, de aí a frecuente presenza da violencia e o sexo.

Entre os autores máis representativos, podemos destacar os seguintes:

GONZALO RODRÍGUEZ MOURULLO (Calo, Teo, 1936)

Con dúas das súas novelas, iníciase a NNG. En *Memorias de Tains* presenta unha serie de cartas que un narrador envía a varios destinatarios e nas que se contan historias entrelazadas que teñen lugar na cidade de Tains, unha cidade imaxinaria e xa desaparecida. Son 8 relatos relacionados e escritos de xeito epistolar nos que presenta situacións cheas de anguria, de violencia absurda, de soidade; a fatalidade, o absurdo, o incomprendible está presente en todas as cartas. O autor xoga constantemente coa confusión entre realidade e ficción literaria.

Mª XOSÉ QUEIZÁN (Vigo, 1939)

Figura destacada dentro do feminismo galego, forma parte da NNG coa súa obra *A orella no buraco*. Case toda a obra é un monólogo interior no que se trata, entre outros temas, o da liberdade. Os episodios non seguen unha orde temporal lóxica e a narración posúe unha estrutura circular pois o final enlaza co principio. É unha novela moi influída polo “obxectalismo” ou ollo cinematográfico: descríbense pormenorizadamente os obxectos, por exemplo, o banco no que se desenvolve parte da obra ou mesmo o personaxe que é tratado como un obxecto máis. En obras posteriores, como *Amantía* (1984) ou *Amor de tango* (1992), localizada no Vigo republicano e da posguerra, priman o realismo, a denuncia das inxustizas e a preocupación pola situación da muller.



XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN (Ourense, 1938)

Poeta e narrador, forma parte da NNG coas súas primeiras obras en prosa nas que presenta unha constante relación entre a realidade e a fantasía; as súas historias convértense a miúdo en fábulas cheas de simbolismo que se desenvolven nun ambiente angustioso, opresivo e, a miúdo, terrorífico. A violencia determina moitas veces as relacións humanas.

- **Percival e outras historias** (recreación de personaxes e ambientes da Materia de Bretaña), son relatos nos que se reflexiona sobre a morte, o destino e o absurdo; **O crepúsculo e as formigas** (exploración do absurdo, da angustia humana e mesmo da violencia destrutiva) é un libro de relatos curtos nos cales as situacións son absurdas, irrealas. Nestas dúas obras os personaxes móvense por impulsos irracionais, mestúrase o plano real e o imaxinario. Pero mentres que en Percival domina o mundo da fantasía e do ensoño (como corresponde ao mundo mítico da corte artúrica e a Táboa Redonda), en O crepúsculo... os ambientes son sórdidos, e domina a violencia, tanto psíquica como física.

Ademais das xa mencionadas, son tamén rasgos propios de Ferrín nesta etapa a creación de personaxes que son antiheroes (incomunicados, violentos), a creación de espazos literarios ficticios e o uso de recursos poéticos ao lado dos propiamente narrativos.

- A súa novela **Arrabaldo do Norte** intenta aplicar á literatura galega os principios do “Nouveau Roman” francés. O seu teorizador, Alain Robbe-Grillet, propoñía unha total obxectividade na narración, de tal forma que non aparezan os sentimentos ou a psique dos personaxes. Estes vagarán pola novela sen que saibamos os seus porqués nin os seus fins. As cousas faranse donas do relato, con descrições detalladas dos obxectos (o “obxectalismo”). Así, nesta novela un personaxe deambula por unha cidade innominada na procura de algo que el mesmo ignora.

- En obras como **Retorno a Tagen Ata** ou **Elipsis e outras sombras**, Ferrín trata a realidade política de forma alegórica e con certos elementos autobiográficos. Un mundo mítico cargado dun forte valor simbólico: Tagen Ata = Galicia; Terra Ancha = Castela. A obra convértese nunha fábula sobre o nacionalismo galego (enfrentamento entre o vello galeguismo, centrado no labor cultural, e o novo nacionalismo, comprometido coa acción social e política fronte á ditadura).

Antón e os inocentes (1976), *Crónica de nós* (1980), *Amor de Artur* (1982), *Arnoia*, *Arnoia* (1987), *Arraianos* (1991) e *No ventre do silencio* (1999) son títulos que o converteron nun autor clave da narrativa contemporánea.

CARLOS CASARES (Xinzo de Limia, 1941 - Vigo, 2002)

Na súa obra narrativa podemos distinguir dúas etapas: a primeira é unha etapa de renovación formal, que se corresponde co período da “Nova narrativa”: usa o obxectivismo, o monólogo interior, os saltos temporais. A segunda é xa menos experimental e dela nos ocuparemos (ao igual que no caso da narrativa máis moderna de Ferrín) ao falarmos da narrativa actual.

- **Vento ferido** é un conxunto de relatos que se aproximan máis á realidade cotiá que as obras dos demais autores da “Nova narrativa”. Usando técnicas novidasas como o monólogo interior e o obxectalismo, fala de sentimentos coñecidos por todos nós: os amores frustados de adolescencia, o fatalismo dos que cren xa marcado o seu destino...; son personaxes que sofren situacións de violencia e sufrimento que mesmo se trasladan aos xogos infantís.

- **Cambio en tres** é unha novela máis experimental, na que nos fala do universo sen expectativas dos rapaces de clase social baixa. É a obra máis innovadora deste autor na que emprega o monólogo interior, as descrições obxectalistas, a liberdade da puntuación, etc.

Nas obras posteriores, como *Os escuros soños de Clio* (1979), *Ilustrísima* (1980) ou *Os mortos daquel verán* (1987), parece decantarse pola recreación do pasado histórico cunha técnica máis tradicional. Foi homenaxeado nas Letras Galegas en 2017.

XOHANA TORRES (Santiago, 1931 - Vigo, 2017)

Na súa única novela, **Adiós, María** (1971), trata a problemática da integración no mundo urbano dunha familia rural, desde a perspectiva dunha adolescente, cunha técnica moi experimental (monólogo interior), e cunha temática sociolóxica moi avanzada: trata o tema da emigración galega a Europa, deixando os fillos ao coidado dos avós.